

Concello de Viveiro

EXPTE.- 5312/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 191, de 20 de agosto de 2021, publícase a convocatoria aprobada pola Alcaldía deste Concello, polas que se inicia o proceso selectivo para a selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino, de un técnico en turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 02 de agosto de 2021 da Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación dun traballador non incluído no cadro de persoal do Concello, rematando o período de nomeamento como data límite o 30 de setembro de 2021.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro na oficina de Turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a Resolución de 02 de agosto 2021 da Axencia de Turismo de Galicia.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...)A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base xeral 7.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

Resultando que en data 24 de agosto de 2021 se nomea o Tribunal de selección, establecendo a data de constitución para o 26 de agosto de 2021.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o día **31 de agosto de 2021, as 10:00 horas,** para a valoración de méritos.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,
do Real Decreto 128/2018.

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

